



## CEIP PLURILINGÜE RÍA DE VIGO

Vigo, 24 febreiro 2023

Convidamos á todas ás familias dos centros educativos:

### **ALIMENTACIÓN NA IDADES ESCOLAR: BOS HÁBITOS PARA PREVIR DESDE A INFANCIA.**

**Cando: Venres 03 de Marzo de 2023**

**Onde: CEIP PL RIA DE VIGO**

**( Av/Cesáreo A. Vázquez,139,Vigo, Pontevedra)**

Estará dividido en dúas partes:

Primeira parte, contaremos co oficial de cociña Iván Martínez Fuentes (@alpuntodeivan) do Ría de Vigo onde nos fará unha introdución explicando o comedor como unha aula educativa máis. Degustaremos unhas sobremesas saudables elaboradas por él, acompañado con café e froita. Ao remate da charla nos dará as receitas.

Segunda parte, contaremos coa Dra. Pomba Liñares (Psiquiatra infanto-xuvenil e pediatra) onde exorá que os problemas de alimentación abarcan un amplo espectro de patoloxías que representan un grave problema de saúde pública na actualidade. A obesidade e os trastornos da conducta alimentaria representan a segunda e terceira causa de enfermidades crónicas, respectivamente, en nenos e adolescentes, sendo ambas patoloxías prevenibles. Nos últimos anos observamos un claro incremento destas problemáticas, sobre todo, dos trastornos alimentarios. A pandemia do COVID-19 non fixo máis que visibilizar os problemas existentes, sendo os nosos nenos un grupo de poboación de máxima vulnerabilidade, atender non só a bos hábitos de vida senón tamén a diversos aspectos do psicodesenvolvemento é fundamental para a prevención destes problemas. “A alimentación en idade escolar: xerando bos hábitos para previr dende a infancia” é o primeiro módulo dunha serie de charlas divulgativas, pero baseadas no máximo rigor científico dispoñible ata o momento, dirixidas a informar a pais e docentes sobre as medidas de prevención dos trastornos da conducta alimentaria en poboación infantil e adolescente.

### **Inscripción previa: 613124751 (preferiblemente whatsapp)**

Ludoteca gratuita para os asistentes

Un saúdo

